

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE MARZO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e seis de de marzo de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

1. ACTAS E GOBERNO.- Acórdase aprobar a proposta da alcaldía de modificación da actual redacción do acordo número 2/828 da Xunta de Goberno Local, do 8 de novembro de 2023, de designación de representantes en órganos colexiados con representación municipal (2025/G004/000161).

ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

2. FOMENTO.- Acórdase delegar no alcalde presidente titular da Área de Alcaldía e Transición Ecolóxica as competencias para a adopción e resolución de todos os actos de trámite e resolutivos do expediente administrativo relativo á adhesión ao convenio entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avespa asiática (vespa velutina) no ano 2025.

3. CONTRATACIÓN.- Acórdase a adxudicación na contratación dun servizo de control da calidade da auga de consumo humano na saída de depósitos de regulación, rede de distribución, billa "grifo" do usuario, fontes públicas non conectadas á rede de abastecemento, así como control sanitario das piscinas municipais de uso público, exp. ref. 2024/C003/000022.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación dun servizo de campañas de publicidade institucional na prensa escrita de ámbito local (El Progreso de Lugo, S.L.) - lote 1 - e na prensa escrita de ámbito autonómico (La Voz de Galicia, S.L.), exp. ref. 2024/C003/000033.

4. PERSOAL.- Acórdase o nomeamento dun funcionario de carreira do Excmo. Concello de Lugo para desempeñar a praza de celador CEIP (grupo de titulación: grupo AP; escala: administración especial; subescala: servizos especiais).

Fóra da orde do día

- Acórdase aprobar a addenda modificativa do Convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil O.A. e o Concello de Lugo para o outorgamento de concesión administrativa sobre o edificio da central hidroeléctrica FÁBRICA DA LUZ.

- Addenda modificativa do Convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil O.A. e o Concello de Lugo para o outorgamento de concesión administrativa sobre o edificio da central hidroeléctrica Fábrica da Luz.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.